



ACTA NÚMERO 1 DA COMISIÓN DE VERIFICACIÓN DAS AXUDAS DO CONCELLO DE MUROS A AUTÓNOMOS POLA COVID-19

Data: 3 de decembro de 2020

Hora de comezo: 11.30 horas

Hora de remate: 13.00 horas

Lugar: Casa do Concello de Muros

Persoas asistentes:

- M^a del Carmen González García (concelleira de Economía e Facenda do Concello de Muros), actuando como presidenta.
- M^a Ofir Aboy García (secretaria do Concello de Muros), actuando como secretaria.
- Francisco Abeijón Núñez (funcionario do Concello de Muros), actuando como vogal.
- M^a Sonia Lago Segade (traballadora do Concello de Muros), actuando como instrutora do procedemento.

Orde do día:

1. Estudio da documentación presentada pola instrutora do procedemento e proposta de concesión de axudas.
2. Rogos e preguntas.

Acordos:

Visto o procedemento de axudas, en réxime de concesión directa, dirixidas a traballadores/as do réxime especial de autónomos da Seguridade Social afectadas pola suspensión ou peche dos locais abertos ao público polo estado de alarma decretado polo Goberno e para o impulso da actividade económica no termo municipal co fin de paliar





CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

os efectos provocados pola emerxencia sanitaria do COVID-19 e revisada a documentación presentada pola instrutora do procedemento e a súa proposta de concesión, chegaronse aos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Admitir todas as solicitudes presentadas por servizos de hostalería e restauración.

SEGUNDO Requirirille ao resto de solicitantes que non teñan acreditado que cumpren cos requisitos para ser beneficiarios das axudas COVID-19 do Concello de Muros, establecidos no artigo 6 das bases de axudas COVID publicadas no BOP nº. 130 do 14 de agosto de 2020, que o acrediten mediante a presentación dalgún dos seguintes documentos:

- Declaración responsable de que o establecemento do que é titular tivo que pechar debido ao estado de alarma que foi decretado polo Goberno do Estado.
- Informe de vida laboral no que conste o cese da súa actividade.
- Notificación de recoñecemento por parte da Mutua do dereito á prestación por cese de actividade.

TERCEIRO.- No caso das solicitudes realizadas por un ou varios representantes dunha mesma empresa, só se terá en conta una solicitude a nome da empresa.

A presidenta

A secretaria

